

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE ABRIL DE 2011**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 28 de marzo e 6 de abril de de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación, e de licenza de obras para edificio para albergar novas instalacións de recuperación térmica e xerador eléctrico en Lamablanca, Coeses.

Acórdade a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dun taller de mantemento e reparación de vehículos de manutención e obras (rama mecánica) na avenida Benigno Rivera, número 52.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a excepción do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, nos parágrafos: i.b.3.1.2, ámbito interior, i.b.3.1.3 áreas de acceso aos ascensores e escaleiras, i.b.3.2.1, escaleiras, e i.b.3.4 ascensores, todo iso para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Xermán Alonso, número 18.

Acórdase a aprobación das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Vilaestévez, parroquia de San Xoán do Alto; para a modificación de vivenda unifamiliar con licenza número 245/07, sita na rúa Aguiá, número 2; para a instalación de calefacción no edificio con licenza número 666/97, sito na avda. da Coruña, número 195; para reparación de cuberta e reposición de forxado en zona posterior do edificio existente dende o século XIX, sito en solo urbano, rúa da Raíña, número 13, para construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Campos+Corral de Abaixo+ Corral de Arriba, parroquia de San Vicente de Pías; para construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Barbaín, parroquia de Santa María de Bóveda; para construción de edificio para centro asistencia: residencia para persoas maiores, no núcleo rural tradicional de Conturiz+San Amaro+Castro, parroquia de Santo André de Castro; para construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Ramil, parroquia de San Xoán de Tirimol; para a reconstrución de muro de cachotería, sito no núcleo rural tradicional de Castelo de Arriba, parroquia de Lugo-Castelo (Santiago); para tratamento de fachadas no muíño existente, así como demolición de engadido lateral sito en solo rústico, en Bocamaos-Ombreiro e para legalización de ampliación con lixeiras modificacións nas superficies da vivenda unifamiliar con licenzas números 416/05 e 1136/05, sita no Polígono 1, da Louzaneta, Sector Sur B, rúeiro 6, rúa Bustelo, número 11.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de expropiación no “Proxecto de expropiación dos inmobles lindeiros co Concello de Lugo, correspondentes á Unidade edificatoria 1101 do PEPRI para o desenvolvemento do planeamento”.

### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

**4. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por parte de persoal adscrito a Arquitectura -Inspección Urbanística- e a aprobación da forma de compensación.

### ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

**5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería do Centro Social Municipal de Fingoi (agora Centro de Convivencia

Fingoi) polo prazo dun ano, contado dende o 4 de maio de 2011 ata o 3 de maio de 2012.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación do servizo de roza de pistas en diversas parroquias do termo municipal, exercicio 2011 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acordase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación dun servizo para a actualización, toma de datos e inventario dos elementos do sistema de abastecemento de auga en Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Do mesmo xeito, acordase a adxudicación definitiva e incoación de expediente de resolución de contrato na contratación de dez prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna (fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local- 10 FEESL04).

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación dun programa de formación de cantería enmarcado no proxecto urban co cofinanciamento do 70% da unión europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Po Feder Galicia 2007-2013) (proxecto 10 UR 2101 urban formación ocupacional rehabilitación) e da apertura do procedemento de adxudicación.

### **ÁREA DE SERVIZOS XERAIS**

**6. PARTICIPACIÓN CIDADÁ.-** Acórdase a aprobación do proxecto de Ordenanza Reguladora de Prazas e Mercados do Concello de Lugo.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase aprobar o réxime de suplencias da Asesoría Xurídica durante a primeira quenda da Semana Santa do ano 2011. (días 18, 19 e 20 de abril).

**ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Ref#: 11extractoxg18.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-4-2011

- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación dun servizo de publicación dun libro no marco do proxecto denominado “Lucus Augusti mirada desde Lugo 10” e a apertura do procedemento de adxudicación.
- Apróbase estimar o recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil da contratación do servizo de mantemento, conservación e explotación dos sistemas de control do tráfico do Concello de Lugo.
- Acórdase a aprobación do prego de prescricións técnicas e do prego de cláusulas administrativas particulares, e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do alugamento de catro vivendas que contan con adaptacións técnicas para ser utilizadas por persoas con discapacidade e mobilidade reducida e a apertura do procedemento de contratación.
- Dáse de conta a modificación núm. 3 do Orzamento Xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 32.260 euros.
- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación da base de execución 24 do Orzamento Xeral do Concello de Lugo (subvencións).
- Acórdase a prestación de conformidade ao Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación -portelos únicos de información e xestión do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012-, e doutras actuacións das políticas de vivenda (2011), encomenda de xestión a EVISLUSA das actuacións reflectidas no devandito convenio.

Lugo, 14 de abril de 2011  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García